

O ARTIGO

A) FORMAS

DETERMINADO	MASCULINO	FEMININO
SINGULAR	O	
PLURAL		AS

INDETERMINADO	MASCULINO	FEMININO
SINGULAR		UNHA
PLURAL	UNS	

B) CONTRACCIÓNS

	O	A	OS	AS	UN	UNHA	UNS	UNHAS
A	AO/Ó			ÁS				
CON	CO			COAS	CUN			
DE	DO							DUNHAS
EN			NOS				NUNS	
POR		POLA						
CA	CÓ							

C) A SEGUNDA FORMA DO ARTIGO

O uso desta segunda forma do artigo (**-LO, -LA, -LOS, -LAS**) non é obrigado, **mesmo se recomenda non usala na escrita** agás en dous casos nos que si é obrigatorio:

- Nas contraccións coa preposición **POR**: POLO, POLA, POLOS, POLAS.
- Co adverbio **U**: U-LO, U-LA, U-LOS, U-LAS.

Nos demais casos podemos usar esta forma ou non. De optarmos por ela seguiremos estas normas:

Úsase con guión:

- Despois dos **infinitivos** e dos **verbos rematados en -S**:
Colles o millo - Cólle-lo millo
Vou bailar a muiñeira - Vou baila-la muiñeira
- Despois dos **pronomes NOS, VOS e LLES** (pospostos ao verbo):
Colleunos a pelota - Colléuno-la pelota
Cántavos a mesma canción sempre - Cántavo-la mesma canción sempre

Comproulles a leira - Comproulle-la leira

- Despois do **adverbio U**:
U-lo gato?

Úsase sen guión, unido á palabra anterior, despois de: todos, e mais, entrambos, ambos, e as preposicións por e tras:

*Fiz e mailo pai foron **polo** prado **trala** vaca
Tódolos nenos da aldea estaban a mirar*

OBSERVACIÓNS:

- **Non é obrigatorio o uso da segunda forma do artigo** (a non ser nos dous casos xa indicados), mais se se decide empregala, farase sempre e en todos os contextos posibles, non nuns si e noutros non:

Recólleno-lo correo tódolos días ou Recóllenos o correo todos os días
Nunca: **Recóllenos o correo tódolos días ou *Recólleno-lo correo todos os días*

- O artigo **non solda co particípio rematado en -S**:

*Recollidas as mazás só resta comelas. E non *Recollida-las mazás...*

- **Non son correctas** formas como: **tódolo ou *tódala*:

*Todo o mundo quere alguén. E non *Tódolo mundo quere alguén.*

- Tras verbo ou pronome persoal NOS, VOS LLES **non debemos confundir** as formas de terceira persoa do pronome persoal (soldadas ao verbo) coa segunda forma do artigo (con guión):

Baixámo-la escaleira e démoslle-las gracias > segunda forma do artigo.
Baixámola e démosllelas > pronome que substitúe o OD

- A segunda forma do artigo non se emprega detrás de todas as palabras rematadas en **-R** ou **-S**, aínda que esa sexa a tendencia na fala, só se utiliza nos casos que se citaron anteriormente. Así:

*Morreu porque Deus o quixo. E non: *Morreu porque Deu-lo quixo*

D) USOS DO ARTIGO DETERMINADO:

1. COS POSESIVOS É OBRIGATORIO!

Na miña opinión, cos seus anos, trouxen o teu caderno...

Mais hai algunhas excepcións:

O uso do artigo é **opcional** nos seguintes casos:

- Nos nomes de parentesco (achegado): *Miña nai. Meu home.*
- Nos nomes de carácter relixioso, seres únicos ou dignidades: *Súa Excelencia. Noso Señor. Nosa Señora do Carme.*
- Cando aparece un distributivo. Nalgúns casos, a presenza do artigo pode resultar redundante: *Foron pasando cada un con súa entrada.*

Non se usa o artigo nos seguintes casos:

- Nos vocativos e exclamacións: *“Meu deus!” “Meu amigo, así che son as cousas!” “Meu pobre, onde irás?” “Eh, meu! Agarda por eles.”*
- En certas expresións e frases feitas: *Meu dito, meu feito. Miña casiña, meu lar.*
- Cando vai precedido por un demostrativo: *Este meu can é fino coma un allo. Ese teu fillo é moi expresivo.*
- Diante de determinados adverbios e locucións adverbiais: *Pasou diante nosa. Caeu enriba súa.*
- En oracións copulativas, con nomes de parentesco ou similares (veciño, amigo, compañeiro, amo, patrón,...) o artigo é optativo, mais ten un cambio de significado: *Manuela é nosa veciña = Manuela é a nosa veciña.*
- Coas expresións de meu, de teu, de seu, de noso e de voso.
- Coas formas cadanseu(s) e cadansúa(s).

2. CON NOMES PROPIOS É OBRIGATORIO

a) Cos alcumes e nomes propios de animais: *O Cabaceiro, A Tutana, O Gatipetro.*

- Cos nomes e apelidos de persoa é optativo, de usalo imprime un tono de familiaridade (*A María / María*) ou mesmo menosprezo: *Os tempos do Afonso XIII.*
- Os nomes de apelido en plural esixen o artigo: *Os Andrade, Os Rodríguez.*

b) Cos nomes de arquipélagos: *As Canarias, _____*

- Se é unha illa soa pode levalo ou non: *A Toxa, Sicília, Cortegada, Sálvora.*

c) Algunhas aldeas, vilas e cidades: *A Coruña, O Carballiño, _____*

d) As comarcas: *O Condado, A Terra Cha, _____*

e) Cos nomes de montes, ríos, cabos, mares e océanos, como se sobreentende o nome común: o (río) *Sil*, o (océano) *Atlántico*, o (mar) *Mediterráneo*, o (monte) *Medulio*, o (cabo) *Prior...*

- As praias poden levar ou non artigo: *A Lanzada, Samil, _____*

f) Algúns países: *O Brasil, A China, _____*

3. EN EXPRESIÓNS TEMPORAIS

CON ARTIGO:

- a) As estacións do ano:

Na primavera nacen as flores. Vendimamos ó comezo do outono.

Pero: *Está unha noite de inverno; Parece un día de verán*

- b) Os substantivos referidos ás horas ou aos momentos do día:

Chegou pola tarde. Veu ás dúas

- c) As épocas do ano ou os días festivos: *o entroido, a coresma, a Semana Santa, o Nadal (ou Nadal).*

Veu polo Corpus; Veu pola Peregrina

Pero *Veu por Santos.*

- a) O número do século nas datas:

Morreu no (século) XIX.

SEN ARTIGO:

- a) Os nomes dos meses:

En xaneiro vai frío. Pero: O maio do 68.

- b) Os nomes dos días da semana:

Hoxe é luns; Non veñas ata (o) martes

É obrigatorio se van en plural ou se quere precisar o día: *Os luns estudio. Quedamos o venres.*

4. EN LOCUCIÓNS COA PREPOSICIÓN A:

CON ARTIGO: *á man, á máquina, ás presas, á mantenta, ás veces, á toa, á primeira, ós poucos, ás agachadas, ás apalpadelas, ás carreiras, _____*

SEN ARTIGO: *a eito, a feito, a rolos, (amodo) _____*

5. OUTROS USOS CON ARTIGO:

- a) Con substantivos referidos ás partes do corpo, obxectos persoais e os substantivos **casa, cama, clase e misa**. Tamén é normal con **mamá, papá** (agás se son vocativos).

Ex: Perdín a chave

- b) Despois de **todos, ambos e entrambos**:

Foron todos os nenos. Doíanlle ambas as dúas mans

c) Co interrogativo **que**:

Contáronmo o que?. Chama o médico (o) cal?

d) Cun substantivo que indica algo xa coñecido con anterioridade:

Deulle o libro que pedira

e) Cos numerais ordinais cando acompañan un pronome persoal tónico:

Vós os dous pasades primeiro

6. OUTROS USOS SEN ARTIGO:

a) Con frases prepositivas:

Díxomo de verdade. É unha muller de palabra

b) Nas enumeracións:

Comprou libros, lapis e papel

c) Nas aposicións:

Castelao, escritor e político, está enterrado...

7. CONTRACCIÓNS

a) O artigo dos topónimos contrae coas preposicións:

Viviu moitos anos no Brasil, Naceu na Laracha

b) Para respectar os títulos de obras ou cabeceiras de publicacións emprégase o apóstrofo:

Veu publicado onte n'A Nosa Terra

c) O artigo non contrae coa preposición se esta non forma parte da mesma frase:

Antes de a rapaza chamar xa sabían que pasaba algo

8. A FORMA ARCAICA EL: só se emprega cos substantivos **rei** e **señor**:

El Rei, El Señor

OS POSESIVOS E OS DEMOSTRATIVOS

1. FORMAS

POSESIVOS		1ª PERSOA		2ª PERSOA		3ª PERSOA	
Un posuidor	Masc.		meus				seus
	Fem.						
Varios posuidores	Masc.				vosos		
	Fem.	nosa					

DEMOSTRATIVOS				
MASCULINO	Singular	este		
	Plural		eses	
FEMININO	Singular			aquela
	Plural			
NEUTRO			iso	

2. CONTRACCIÓN

	ESTE/S	ESE/S	AQUELE/S	ESTA/S	ESA/S	AQUELA/S	ISTO	ISO	AQUILO
DE		dese							
EN								niso	

	ESTE/S	ESE/S	AQUELE/S	ESTA/S	ESA/S	AQUELA/S
OUTRO			Aqueloutro/s			

3. VALORES ESPECIAIS DO POSESIVO

3.1. De meu, de teu, de seu, de noso, de voso, de seu. Formas invariables con dous significados:

- Pertenza exclusiva: *Teño coche de meu,* _____
- Calidade inherente, por natureza: *É intelixente de seu,* _____

3.2. Casanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas. Teñen un sentido distributivo e non presentan variación de persoa (sempre 3ª); acompañan sempre ó obxecto posuído e

concordan con el en xº e nº. Nunca acompañan o posuidor: *Os nenos comeron cadanseu caramelo*, _____

3.3. Adverbio de lugar + posesivo feminino: este posesivo feminino pode substituír a un pronome persoal trala preposición DE en certas locucións cun valor adverbial: detrás de min: _____; encima de nós _____; diante de ti: _____; debaixo dela: _____.

4. VALORES ESPECIAIS DO DEMOSTRATIVO

4.1. Aquel e aquela funcionan como palabras comodíns, significando:

- **AQUEL:** xeito, gracia, motivo: *Ten moito aquel para bailar*,
- **AQUELA:** coidado, interés, excusa, etc.: *Pon moita aquela no seu traballo*,
- Tamén existe o verbo **AQUELAR** como comodín con moitos significados: *amañar*, *apañar*.

4.2 A contracción **DAQUELA** emprégase con varios valores:

- Valor adverbial equivalente a _____: *Daquela viviamos en París*.
- Valor de conxunción co sentido de *polo tanto*, *entón*, *logo*: _____